

## B) BASES ESPECÍFICAS.

### 1.- BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO: Operario de Protección Civil.

1.- Nº de postos/empregos que se convocan: 1.

2.- Relación xurídica co Concello: Persoal laboral temporal.

3.- Sistema de selección: concurso.

4.- Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo: Graduado ESO, Graduado Escolar e equivalentes.

5.- Acreditación específica: Figurar como demandante de emprego no servizo galego de emprego e posuír o permiso de conducir C.

6.- Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 2.

7.- Funcións: As propias do persoal de emerxencias.

8.- Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 20 puntos.

a) Experiencia profesional. Valorarase ata un máximo de 9 puntos.

- Por desempeñar ou ter desempeñado un posto/emprego na Administración Pública como persoal dos servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendios e outras labores de salvamento, no ámbito de Protección Civil, Grupos Municipais de Emerxencias ou GRUMIR, valorarase a razón de **0,10 puntos** por mes completo de servizo, ata un **máximo de 5 puntos**.

- Por desempeñar ou ter desempeñado un posto/emprego na Administración Pública como persoal das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, valorarase a razón de **0,05 puntos** por mes completo de servizo, ata un **máximo de 1 punto**.

- Por desempeñar ou ter desempeñado un posto/emprego na Empresa Privada en materia de emerxencias ou seguridade, valorarase a razón de **0,10 puntos** por mes completo de servizo, ata un **máximo de 3 puntos**.

**b) Formación complementaria: cursos, estudos, xornadas, seminarios** relacionados coas funcións do posto/emprego ao que se opta: Puntuación **máxima 4 puntos**.

- Valorarase a razón de **0,070 puntos** por hora de formación convocada ou organizada pola Administración Pública.

- Valorarase a razón de **0,040 puntos** por hora de formación convocada ou organizada polo sector privado.

**c) Titulacións académicas:** Por titulacións académicas distintas da esixida nestas bases específicas sempre que o Tribunal de selección considere que están relacionadas coas funcións do posto ao que se opta. Punturarase con **1 punto** cada unha das titulacións académicas distintas da esixida. **Puntuación máxima 2 puntos**.

**d) Coñecemento do idioma galego.**

Puntuarase o coñecemento do idioma galego superior ó esixido a razón dun **máximo de 2 puntos**.

- **Celga 3**, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: **1 puntos**.

- **Celga 4**, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros e 1º, 2º e 3º curso da Escola Oficial de Idiomas: **2 puntos**.

**e) Entrevista**

Co obxecto de asegurar a obxectividade e racionalidade do proceso selectivo, realizarase obrigatoriamente unha entrevista estruturada. Os aspirantes que non acudan a mesma decaerán do proceso selectivo quedando excluídos deste.

A entrevista terá por obxecto afondar e complementar a información que os candidatos aportan como méritos/s á valorar na fase de concurso. O Tribunal valorará a aptitude dos candidatos á luz das contestacións que estes dean ás preguntas que se lle formulen, así como a actitude que mostren, todo iso en relación co desempeño das funcións do posto a que aspiran. Estas preguntas non poderán invadir en ningún caso a intimidade dos aspi-

rantes, ideoloxía ou crenzas, senón que servirán para complementar o coñecemento dos aspirantes e a súa idoneidade para o desempeño das funcións do posto a que se opta.

**Cualificarase ata un máximo de 5 puntos.**

**f) Criterio de desempate.**

No suposto de empate en puntuación terá preferencia o aspirante con maior antigüidade como demandante de emprego inscrito no servizo galego de emprego.

Viveiro, a 25 de maio de 2015.

**A ALCALDESA,**

María Loureiro García.